

**INFORME CLIMATOLÓXICO
MES DE XANEIRO DE 2017**



ÍNDICE

1	INTRODUCCIÓN	3
2	DESCRIPCIÓN SINÓPTICA DO MES	4
3	ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA	6
4	RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.	7
5	TEMPERATURA	11
5.1.	Temperatura media das máximas.	11
5.2.	Temperatura media das mínimas.	12
5.3.	Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010.	13
5.4.	Evolución da temperatura media no período 1961-2017.	17
6	PRECIPITACIÓN	19
6.1.	Precipitación acumulada mensual decembro 2016	19
6.2.	Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.	20
6.3.	Días de chuvia en xaneiro de 2017	21
6.4.	Evolución da precipitación en xaneiro de 2017	23
7	VENTO	24
8	RADIACIÓN SOLAR	28
8.1.	Mapa de irradiación solar mensual	28
8.2.	Anomalía de insolación con respecto ó valor normal	29
9	RAIOS	30

Anexo: Resumo mensual

Data edición: 17-02-2017

Mes seco e frío.

1 INTRODUCCIÓN

Neste informe considérase o período climático de referencia **1981-2010**. Así, as anomalías calculadas nas táboas, mapas e gráficos, e percentiles calcúlanse con respecto a este período de referencia.

Para caracterizar o mes en función da temperatura considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
< mínimo en 1981-2010	Extremadamente frío
Entre 5% e 20%	Moi frío
Entre 20% e 40%	Frío
Entre 40% e 60%	Normal
Entre 60% e 80%	Cálido
Entre 80% e 95%	Moi cálido
>máximo en 1981-2010	Extremadamente cálido.

Táboa 0.1. Cualificación do mes en función da temperatura.

Para caracterizar o mes en función da precipitación considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
< mínimo en 1981-2010	Extremadamente seco
Entre 5% e 20%	Moi seco
Entre 20% e 40%	Seco
Entre 40% e 60%	Normal
Entre 60% e 80%	Húmido
Entre 80% e 95%	Moi Húmido
>máximo en 1981-2010	Extremadamente Húmido.

Táboa 0.2. Cualificación do mes en función da precipitación.

2 DESCRICIÓN SINÓPTICA DO MES

O mes de xaneiro quedou caracterizado pola persistencia das situacións anticiclónicas, principalmente na segunda e terceira semana do mes, que deixaron unha frecuencia moi superior á normal de días secos e fríos.

No primeiro día do ano culminaba un período anticiclónico moi frío, polo que as mínimas desa xornada estiveron en xeral baixo cero no interior, con puntos nos que a mínima descendía por debaixo dos -5°C . Sen embargo, a medida que foi avanzando a xornada tivemos o achegamento dunha baixa dende os Azores que deixou aumento de nubes e mesmo algunhas precipitacións de carácter feble no oeste durante a tarde. Nas 3 xornadas seguintes, entre o 2 e o 4, esta baixa colleu a Galicia no límite do seu radio de acción, deixando días de ceos grises, chuvias febles e intermitentes e temperaturas suaves, sen xeadas na madrugada.

A partir do día 5 comezou un longo período de predominio anticiclónico. As altas presións localizáronse ao norte da península Ibérica e dende esa posición impediron o achegamento das borrascas atlánticas. O período entre o 5 e o 9 foi de tempo seco, con néboas persistentes no interior e ceos despexados no resto. As temperaturas eran baixas na madrugada, con xeadas no interior.

O día 10 o anticiclón afastouse cara ao Atlántico e isto deixou a Galicia nunha situación intermedia, quedando as seguintes 4 xornadas nun ambiente de ceos parcialmente nubrados e algunhas precipitacións intermitentes, en xeral de carácter feble e que unicamente foron xeneralizadas na xornada do 12 por mor do paso dun sistema frontal.

A partir do día 15 as altas presións volveron a predominar, polo que entramos novamente nun período de tempo seco. A peculiaridade deste novo período anticiclónico foi que a presenza dunha baixa no Mediterráneo occidental achegou unha masa de aire polar continental á península Ibérica. A Galicia chegou durante a xornada do 17 e deixou principalmente no período entre o 18 e o 20 temperaturas mínimas extremadamente baixas con xeadas xeneralizadas. Os valores mínimos deste episodio déronse na madrugada do 19, con zonas no sur de Ourense por debaixo dos -10°C .

Esa masa de aire frío comezou a afastarse de Galicia o día 21, pero a persistencia do anticiclón que propiciaba noites de ceo despexado e inversións térmicas, fixo que as xeadas e a formación de néboas continuasen sendo a característica das seguintes madrugadas, ata a xornada do 25. Ese día un centro de baixas presións conseguiu chegar a Galicia cunha fronte asociada e deixar aumento de nubes e algunhas chuvias polo oeste. Estas chuvias tenderon a xeneralizarse na xornada do 26 e aínda que non foron moi intensas si conseguiron mover as altas presións e abriron o camiño para que fosen chegando outras borrascas dende o Atlántico. Deste xeito nos derradeiros días do mes rexistramos chuvias, non moi cuantiosas pero si bastante xeneralizadas. En canto as temperaturas tenderon a suavizarse, principalmente durante as madrugadas, desaparecendo en xeral as xeadas.

Días de neve: O número de días nos que nevou nalgunha localidade de Galicia este mes de xaneiro foi de 9, afectando principalmente ás zonas altas ourensás. Destacan especialmente as xornadas dos días 26 e 27, onde a neve afectou ademais ás Serras do Courel e dos Ancares e xa na xornada do 27 ao sur da comarca da Limia, Muíños e a Serra do Laboreiro. A neve acumulada nas distintas xornadas foi escasa, con excepción do día 26 no que se rexistraron nevaradas máis intensas.

3 ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA

Mantívose a tendencia do mes anterior dun claro predominio das altas presións, desta volta centradas ao norte de Irlanda. Na figura 1 móstrase o mapa de anomalías de presión en superficie e na figura 2 o mapa de altura do xeopotencial en 500 hPa, que como se pode comprobar deixaron unha prevalencia de altas presións que impediron o paso das borrascas durante case todo o mes, agás os derradeiros días nos que o anticiclón se retirou cara ó leste europeo.

Anomalías da presión atmosférica a nivel medio do




Figura 1: Anomalías de presión en superficie.

Anomalías do xeopotencial para a presión de 500 hPa. xaneiro de 2017




Figura 2: Anomalías de xeopotencial en 500hPa.

4 RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da rede meteorolóxica de MeteoGalicia (A Coruña-Torre de Hércules (CTH), Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense) cos valores climáticos, no período 1981-2010, para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-Estación Completa (CEC) / Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-granxa, estacións da AEMET e Lourizán, de MeteoGalicia).

Debido á localización das estacións meteorolóxicas da cidade de A Coruña, CTH (costeira) e CEC (urbana), o comportamento en canto á temperatura difire en determinadas situacións meteorolóxicas, polo que na táboa de A Coruña inclúense os datos de ambas estacións e se compara a estación CEC contra si mesma no período de referencia climático 1981-2010.

O valor climático corresponde á media destes 30 anos para o mes considerado. Móstranse tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou. As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou L/m²). O número de días de chuvia corresponde á suma dos días nos que a precipitación rexistrada é igual ou maior a 1 mm.



A CORUÑA

	XANEIRO 2017 CTH/CEC	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	10.6/10.3	10.8	12.4 (2016)	8.5 (1976)
Tª mínima media	7.7/7.4	8.2	10.2 (1966)	4.9 (1953)
Tª mínima absoluta	2.3/2.2 (día 20/20)	-0.8 (01/01/1971)		
Tª mínima máis alta	13.7/13.1 (día 30/30)	15.6 (10/01/1998)		
Tª máxima media	13.4/13.3	13.4	14.9 (2016)	11.3 (1985)
Tª máxima absoluta	16.9/17.6 (día 5/4)	21.2 (26/01/1983)		
Tª máxima máis baixa	8.5/8.1 (día 19/19)	4.6 (10/01/2010)		
Precipitación acumulada	43	79-132	349 (1948)	3 (1964)
Días de chuvia (≥1mm)	9	14	27 (2014)	1 (1964)

Comentario: Mes frío tendo en conta as temperaturas mínimas e medias, mentres que foi normal para as máximas.

A precipitación rexistrada foi moi inferior ao rango de valores normais, resultando un mes moi seco. O número de días de chuvia tamén foi moi inferior ao agardado.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1931-2017 Temperatura: 1948-2017

SANTIAGO

	XANEIRO 2017	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	8.1	8.8	10.7 (1982)	6.9 (1985)
Tª mínima media	4.2	5.2	7.4 (1982)	2.0 (1992)
Tª mínima absoluta	-1.5 (día 22)	-4.3 (09/01/1985)		
Tª mínima máis alta	10.5 (día 4)	13.7 (22/01/2016)		
Tª máxima media	12.1	12.4	14.0 (19892)	10.6 (1985)
Tª máxima absoluta	16.3 (día 5)	21.2 (12/01/1997)		
Tª máxima máis baixa	7.1 (día 19)	3.1 (14/01/1987)		
Precipitación acumulada	73	186-251	523 (2001)	44 (1983)
Días de chuvia (≥1mm)	12	15	28 (2014)	3 (1983)

Comentario: Mes frío para as máximas e as medias, caracterizándose como moi frío en canto as mínimas.

A precipitación rexistrada foi moi inferior ao rango de valores normais, resultando un mes moi seco. O número de días de chuvia tamén foi inferior ao agardado.

* Valores climáticos 1982-2010. Precipitación:1982-2017. Temperatura: 1982-2017



LUGO

	XANEIRO 2017	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	5.4	6.3	8.4 (1988)	3.9 (1985)
Tª mínima media	0.6	2.4	5.6 (1988)	-0.9 (1992)
Tª mínima absoluta	-7.6 (día 20)	-8.0 (10/01/1985)		
Tª mínima máis alta	8.9 (día 30)	12.0 (22/01/2016)		
Tª máxima media	10.3	10.2	12.7 (1993)	6.7 (1985)
Tª máxima absoluta	16.7 (día 3)	20.2 (24/01/2016)		
Tª máxima máis baixa	3.0 (día 1)	8.2 (28/01/2010)		
Precipitación acumulada	32	62-124	247 (2001)	23 (1983)
Días de chuvia (≥1mm)	10	13	27 (2001)	3 (2000)

Comentario: Mes moi frío en canto ás temperaturas mínimas, pero para as máximas o mes resultou normal, como consecuencia disto as temperaturas medias resultaron frías.

A precipitación rexistrada foi moi inferior ao rango de valores normais resultando o mes moi seco. Isto reflíctese tamén no número de días de chuvia inferior ao agardado.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1981-2017. Temperatura: 1981-2017

PONTEVEDRA (LOURIZÁN)

	XANEIRO 2017	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	9.5	9.5	12.1 (1966)	7.2 (1976)
Tª mínima media	4.6	5.0	8.8 (1966)	1.2 (1976)
Tª mínima absoluta	-1.9 (día 19)	-4.5 (14/01/1987)		
Tª mínima máis alta	12.2 (día 30)	15.6 (01/01/2003)		
Tª máxima media	14.5	14.0	15.6 (1958)	11.6 (1972)
Tª máxima absoluta	19.1 (día 5)	23.5 (25/01/1959)		
Tª máxima máis baixa	11.5 (día 19)	3.0 (14/01/1987)		
Precipitación acumulada	74	172-204	536 (1970)	24 (1964)
Días de chuvia (≥1mm)	7	14	28 (2014)	3 (1992)

Comentario: Gran contraste entre as máximas que resultaron cálidas e as mínimas foron lixeiramente frías. Isto deu lugar a un mes normal en canto á temperatura media.

A precipitación rexistrada foi moi inferior ao rango de valores normais polo que o mes considérase seco. O número de días de chuvia foi a metade do valor climático agardado.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1958-2017. Temperatura: 1958-2017



OURENSE

	XANEIRO 2017	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	6.5	8.1	11.1 (1982)	4.4 (1976)
Tª mínima media	1.2	3.4	7.3 (1982)	-1.9 (1976)
Tª mínima absoluta	-6.3 (día 19)	-7.0 (10/01/1985)		
Tª mínima máis alta	10.9 (día 30)	14.0 (10/01/2004)		
Tª máxima media	11.8	12.7	14.8 (1982)	9.9 (1972)
Tª máxima absoluta	16.8 (día 29)	22.0 (27/01/2003)		
Tª máxima máis baixa	6.3 (día 1)	1.0 (07/01/1973)		
Precipitación acumulada	38	69-96	221 (2016)	2 (1981)
Días de chuvia (≥1mm)	7	11	23 (2014)	0 (1981)

Comentario: Mes moi frío en xeral para todas as temperaturas.

A precipitación rexistrada é inferior ao rango de valores normais considerándose un mes seco. Isto reflíctese tamén no número de días de chuvia que é inferior ao agardado.


** Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1973-2017. Temperatura: 1972-2017*

5 TEMPERATURA

As temperaturas medias deste mes estiveron en xeral por debaixo do agardado. Isto é particularmente notorio nas temperaturas mínimas, arrastradas polos baixos valores dos períodos anticiclónicos da segunda e terceira semanas, especialmente contando cos valores extremos asociados á chegada da masa de aire polar continental dos días 18, 19 e 20.

5.1. Temperatura media das máximas.

O valor medio das temperaturas máximas no mes de xaneiro para Galicia, a partir dos valores do mapa, foi de 10.4 °C. Obsérvase no mapa da figura 1 un claro contraste entre o leste e o oeste da Comunidade, na que os valores máis altas acadáronse nas localidades de Vigo e Pontevedra (15 °C). Os valores máis baixos tiveron lugar en practicamente todas as serras de Galicia e principalmente nas zonas máis altas de montaña con valores próximos aos 2°C.



Figura

3: Mapa de temperatura media das máximas do mes de xaneiro de 2017.

5.2. Temperatura media das mínimas.

O valor medio das temperaturas mínimas no mes xaneiro para o territorio galego foi de 2.2 °C, sendo os valores máis baixos acadáronse no sur da Comarca da Limia con valores próximos a -3.5

°C. Os valores máis altos acadáronse de forma xeneralizada en todo o litoral galego con valores próximos aos 8°C




Figura 4: Mapa de temperatura media das mínimas do mes de xaneiro de 2017.

5.3. Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010.

A temperatura media no conxunto de Galicia neste mes de xaneiro, tendo en conta a media dos valores do mapa, presentou unha anomalía de -0.1°C (figura 3). Debido ás acusadas inversións térmicas que tiveron lugar neste mes, obsérvase cómo principalmente no interior da Comunidade se presentan as anomalías máis baixas, con valores próximos aos -2°C , e pola contra, as anomalías en temperatura mínima estiveron en xeral por encima do normal nas zonas máis altas da Comunidade, con valores que se achegan aos $+1.5^{\circ}\text{C}$.




Figura 5: Mapa de anomalía de temperatura media ($^{\circ}\text{C}$) de xaneiro respecto ó período 1981-2010.



A continuación móstranse as anomalías máis altas e máis baixas destacables nos concellos da nosa Comunidade, con respecto ó período climático 1981-2010. Os numerosos días de acusada inversión térmica, deron lugar a que as zonas máis altas acadasen as anomalías positivas máis altas (Táboa 1) e que nas zonas máis baixas se acadasen os valores de anomalía negativa máis baixos (Táboa 2).

Anomalías <u>máis altas</u> de temperatura media con respecto ao período 1981-2010		
Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Cedeira	A Coruña	1.2
Pedrafita do Cebreiro	Lugo	1.0
Vilariño de Conso	Ourense	1.0
Cariño	A Coruña	1.0
Carballo	A Coruña	0.9
Triacastela	Lugo	0.9
Castrelo do Val	Ourense	0.7
Veiga (A)	Ourense	0.7
Cervantes	Lugo	0.7
Valdoviño	A Coruña	0.7

Táboa 1: Anomalías máis elevadas no mes de xaneiro de 2017.

Anomalías <u>máis baixas</u> de temperatura media con respecto ao período 1981-2010		
Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Allariz	Ourense	-1.4
Monforte de Lemos	Lugo	-1.4
Taboadela	Ourense	-1.3
San Cibrao das Viñas	Ourense	-1.2
Bola (A)	Ourense	-1.2
Merca (A)	Ourense	-1.2
Sandiás	Ourense	-1.1
Vilar de Santos	Ourense	-1.1
Barbadás	Ourense	-1.1
Ourense	Ourense	-1.1

Táboa 2: Anomalías máis baixas no mes de xaneiro de 2017.



Nas táboas 3 e 4 móstranse as temperaturas máximas máis altas rexistradas na Comunidade Galega no mes de xaneiro de 2017 para estacións situadas por debaixo e por enriba dos 1000 metros de altitude respectivamente. As xornadas do 5 por debaixo dos 1000m e a do 11 por enriba dos 1000m foron as que rexistraron as temperaturas máis altas, chegando a superarse nalgún caso os 20°C.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de xaneiro de 2017				
por debaixo dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
05/01/2017	Pontevedra-Campolongo	Pontevedra	Pontevedra	23.4
05/01/2017	O Viso	Redondela	Pontevedra	20.5
05/01/2017	Cespón	Boiro	A Coruña	20.2
05/01/2017	Vigo	Vigo	Pontevedra	19.8
05/01/2017	Simes	Meaño	Pontevedra	19.8
05/01/2017	Porto de Vigo	Vigo	Pontevedra	19.7
05/01/2017	Torrequintáns	Meis	Pontevedra	19.5
05/01/2017	Sanxenxo	Sanxenxo	Pontevedra	19.5
11/01/2017	EVEGA Leiro	Leiro	Ourense	19.5
06/01/2017	Rebordelo	Cotobade	Pontevedra	19.3

Táboa 3: Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de xaneiro de 2017 a altitude menor de 1000 m.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de xaneiro de 2017				
por enriba dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
11/01/2017	O Invernadeiro	Vilariño de Conso	Ourense	17.7
11/01/2017	A Mezquita	A Mezquita	Ourense	16.2
09/01/2017	Xurés	Muíños	Ourense	13.6
06/01/2017	O Cebreiro	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	13.3
06/01/2017	San Xoán de Río	San Xoán de Río	Ourense	13.1
06/01/2017	Corzos	A Veiga	Ourense	12.9
11/01/2017	Casaio	Carballeda de Valdeorras	Ourense	12.8
06/01/2017	Ancares	Cervantes	Lugo	12.0
11/01/2017	Serra do Exe	O Barco de Valdeorras	Ourense	12.0
11/01/2017	Lardeira	Carballeda de Valdeorras	Ourense	11.4

Táboa 4: Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de xaneiro de 2017 a altitude xaneiro de 1000 m.



Nas táboas 5 e 6 móstranse as temperaturas mínimas máis baixas rexistradas na Comunidade Galega no mes de xaneiro de 2017 para estacións situadas por enriba e por debaixo dos 1000 metros de altitude, respectivamente. A xornada do día 19 na que unha masa de aire polar continental afectou a Galicia, foi a que rexistrou as temperaturas máis baixas. Pode apreciarse nestas táboas a acusada inversión térmica nas zonas do interior que acaceu este día.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de xaneiro de 2017				
por enriba dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
19/01/2017	O Invernadeiro	Vilariño de Conso	Ourense	-10.6
19/01/2017	A Mezquita	A Mezquita	Ourense	-9.7
19/01/2017	Corzos	A Veiga	Ourense	-9.4
19/01/2017	O Cebreiro	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	-9.3
18/01/2017	Xares	A Veiga	Ourense	-8.6
18/01/2017	Cabeza de Manzaneda	Manzaneda	Ourense	-8.4
19/01/2017	San Xoán de Río	San Xoán de Río	Ourense	-8.0
18/01/2017	Lardeira	Carballeda de Valdeorras	Ourense	-8.0
18/01/2017	Alto do Poio	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	-7.3
19/01/2017	Serra do Eixe	O Barco de Valdeorras	Ourense	-7.1

Táboa 5: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de xaneiro de 2017 altitude superior a 1000 m.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de xaneiro de 2017				
por debaixo dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
19/01/2017	Calvos	Calvos de Randín	Ourense	-14.4
19/01/2017	Baltar	Baltar	Ourense	-12.4
19/01/2017	Verín-Vilela	Verín	Ourense	-11.1
19/01/2017	Viana do Bolo	Viana do Bolo	Ourense	-10.0
19/01/2017	Xinzo	Xinzo de Limia	Ourense	-9.9
19/01/2017	Riós	Riós	Ourense	-9.1
19/01/2017	Monforte	Monforte de Lemos	Lugo	-9.0
20/01/2017	Morelle	Sarria	Lugo	-9.0
19/01/2017	Mouriscade	Lalín	Pontevedra	-8.8
19/01/2017	A Portela	Vilamartín de Valdeorras	Ourense	-8.4

Táboa 6: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de xaneiro de 2017 altitude inferior a 1000m.

5.4. Evolución da temperatura media no período 1961-2017.

Na figura 6 pode verse a evolución da temperatura media das once estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2017 para esta serie foi 7.3 °C.




Figura 6: Temperatura media ó longo do período 1961-2017 para xaneiro.

A anomalía media da temperatura para este mes de xaneiro en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en once estacións meteorolóxicas representativas, foi de -0.7 °C e fai que o mes poida considerarse no conxunto de Galicia como frío, moi preto de ser moi frío. O ano anterior 2010, presentou unha anomalía similar. Isto débese a forte anomalía negativa nas temperaturas mínimas que resultaron moi frías, mentres que as máximas foron normais.




Figura 7: Evolución da anomalía de temperatura media en xaneiro, respecto ó período 1981-2010.

6 PRECIPITACIÓN

As precipitacións acumuladas foron moi escasas para un mes de xaneiro. Soamente nos derradeiros días do mes, a partir do día 26, tivemos algunha xornada de chuvia xeneralizada, pero en ningún caso con valores moi elevados que fosen capaces de equilibrar o déficit das semanas anteriores

A chuvia media no mes de xaneiro, obtida a partir dos valores do mapa, foi de 61 L/m². Obsérvase un gran contraste entre a metade leste e oeste da Comunidade, os valores máis altos acadaron tan só os 200 L/m² no Barbanza e en Fornelos de Montes, moi por debaixo dos valores normais para un mes de xaneiro. A zona de menor precipitación foi o leste da comarca de Carballada de Valdeorras onde choveu moi pouco.

6.1. Precipitación acumulada mensual xaneiro 2017




Figura 8: Mapa de precipitación acumulada no mes de xaneiro de 2017.

6.2. Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.

No mapa da figura 9 pode verse o porcentaxe de precipitación no mes de xaneiro con respecto a os valores climáticos, sendo o 100% o valor normal. No conxunto de Galicia, segundo os valores do mapa, a precipitación foi un 66% inferior ao normal, onde moitas zonas acadaron valores moitísimo máis baixos chegando a porcentaxes inferiores ao 90% por debaixo do normal.




Figura 9: Porcentaxe da precipitación acumulada con respecto aos valores normais do período 1981-2010 do mes de xaneiro de 2017.

6.3. Días de chuva en xaneiro de 2017

O número medio de días de chuva (maior ou igual a 1 L/m^2) foi de 9.3. Os valores máximos obtivéronse principalmente nas comarcas na metade norte da Comunidade, onde se rexistraron nalgúns casos valores superiores aos 12 días de chuva. Os valores máis baixos déronse principalmente na provincia de Ourense, onde algunhas localidades apenas chegaron aos catro días de chuva.




Figura 10: Días de chuva superior a 1 L/m^2 durante o mes de xaneiro de 2017.



A táboa 7 mostra as cantidades máximas de precipitación mensual medidas na rede de estacións meteorolóxicas de Meteogalicia durante o mes de xaneiro. Nas últimas xornadas do mes rexistráronse os valores máis elevados de precipitación, representando en moitos casos unha alta porcentaxe da precipitación total acumulada no mes.

Precipitacións acumuladas máximas en xaneiro de 2017			
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m ²)
Muralla	Lousame	A Coruña	200
Fornelos de Montes	Fornelos de Montes	Pontevedra	183
Fontecada	Santa Comba	A Coruña	176
Cespón	Boiro	A Coruña	164
Xesteiras	Cuntis	Pontevedra	159
Castrove	Poio	Pontevedra	150
Monte Aloia	Tui	Pontevedra	142
Coto Muiño	Zas	A Coruña	136
Lesende	Lousame	A Coruña	136
Areas	Tui	Pontevedra	134

Táboa 7: Precipitacións mensuais máis altas rexistradas no mes de xaneiro de 2017.

Precipitacións máximas en 24 horas (L/m ²)				
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m ²)	Instante de inicio (UTC)
Fontecada	Santa Comba	A Coruña	80	30/01/2017 04:30
Castrove	Poio	Pontevedra	67	29/01/2017 04:50
Muralla	Lousame	A Coruña	62	29/01/2017 22:50
Xesteiras	Cuntis	Pontevedra	61	29/01/2017 04:10
Cespón	Boiro	A Coruña	56	28/01/2017 14:00
Corrubedo	Ribeira	A Coruña	52	26/01/2017 10:00
Fornelos de Montes	Fornelos de Montes	Pontevedra	50	29/01/2017 06:00
Coto Muiño	Zas	A Coruña	44	30/01/2017 03:40
Lesende	Lousame	A Coruña	38	30/01/2017 05:00
Ponte Caldelas	Ponte Caldelas	Pontevedra	37	29/01/2017 05:20

Táboa 8: Precipitacións máis altas en 24 horas rexistradas no mes de xaneiro de 2017.

6.4. Evolución da precipitación en xaneiro de 2017

Na figura 11 pode verse a evolución da precipitación media das 16 estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2017, para esta serie, foi 38 L/m².




Figura 11: Precipitación ó longo do período 1961-2017 para xaneiro.

A anomalía media das precipitacións para este mes de xaneiro en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en dezaseis estacións meteorolóxicas representativa, foi dun 62 % por debaixo do normal. Isto fai que o mes poida considerarse seco. O precedente máis seco atópase no ano 2012, cun valor moi próximo ao obtido neste xaneiro de 2017.




Figura 12: Evolución da anomalía de precipitación en xaneiro, respecto ó período 1981-2010.

7 VENTO

Na seguinte táboa móstranse os días nos que houbo estacións que rexistraron refachos máximos superiores aos 100 km/h. O día 30 foi o máis ventoso do mes con refachos que afectaron principalmente á provincia de A Coruña, aínda que tamén se fixeron notar na Mariña Central e nalgũa localidade de Pontevedra. Destaca a elevada porcentaxe de calmas, que nas estacións seleccionadas non baixa do 10%.

Refachos máximos superiores aos 100 km/h en xaneiro				
Data	Estación	Concello	Provincia	Refacho (km/h)
30/01/2017	A Gándara	Vimianzo	A Coruña	113.3
30/01/2017	Punta Candieira	Cedeira	A Coruña	112.6
30/01/2017	Xesteiras	Cuntis	Pontevedra	106.3
30/01/2017	Burela	Burela	Lugo	104.7
30/01/2017	Punta Langosteira	Arteixo	A Coruña	101.6

Táboa 10: Refachos máximos de vento por enriba dos 100km/h en xaneiro de 2017.

PROVINCIA DE A CORUÑA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Lira	Carnota	93.2	NE	16	<p>INTENSIDADES PONDEADAS COA DIRECCIÓN # Lira (10136) # 01/2017</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) # Lira (10136) # 01/2017</p>
		Día 26				
Pta. Candieira	Cedeira	112.6	S	12	<p>INTENSIDADES PONDEADAS COA DIRECCIÓN # Punta Candieira (10992) # 01/2017</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) # Punta Candieira (10992) # 01/2017</p>
		Día 30				



PROVINCIA DE A CORUÑA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Malpica	Malpica	84.1	SE	8		
		Día 18				
Marco da Curra	Monfero	69.6	SE	7		
		Día 30				

Táboa 11: Resumo do vento no mes de xaneiro de 2017 na provincia de A Coruña.

PROVINCIA DE LUGO						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Burela	Burela	104.7	E	7		
		Día 30				
Ancares	Cervantes	83.1	S	15		
		Día 26				

Táboa 12: Resumo vento no mes de xaneiro de 2017 na provincia de Lugo



PROVINCIA DE OURENSE						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Xurés	Muiños	88.1	SE	10		
		Día 2				
Rodicio	Maceda	76.1	NE	14		
		Día 26				
Gandarela	Celanova	63.5	SE	51		
		Día 2				

Táboa 13: Resumo do vento no mes de xaneiro de 2017 na provincia de Ourense.

PROVINCIA DE PONTEVEDRA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Fornelos	Fornelos de Montes	76.2	S	13		
		Día 30				



PROVINCIA DE PONTEVEDRA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Ons	Bueu	80.7	NE	10		
		Día 30				

Táboa 14: Resumo do vento no mes de xaneiro de 2017 na provincia de Pontevedra.

8 RADIACIÓN SOLAR

8.1. Mapa de irradiación solar mensual




Figura 13: Irradiación mensual ($10 \text{ kJ m}^{-2} \text{ día}^{-1}$) para o mes de xaneiro de 2017.

8.2. Anomalía de insolación con respecto ó valor normal




Figura 14: Anomalía de insolación en % respecto ó valor normal calculado no período 1985-2008.

9 RAIOS

A rede de detección de raios de Meteogalicia tan só registrou neste mes de xaneiro 26 raios en Galicia nas derradeiras xornadas do mes, cando o tempo comezou a ser inestable (figura 15). Por provincias, Ourense non registrou ningún raio (figura 16).




Figura 14: Número de raios por día detectados en Galicia en Xaneiro de 2017.

nº de raios detectados en xaneiro de 2017 por provincias




Figura 14: Número de raios por provincia detectados en Galicia en Xaneiro de 2017.



Na figura 17, pódese ver o total de raios rexistrados en xaneiro en Galicia dende o ano 2010 ao 2017. Nesta gráfica pódese observar que tanto no xaneiro de 2012 como o deste ano, acadáronse os vaores máis baixos de número de raios rexistrados.

Raios rexistrados en xaneiro




Figura 17: Número total de raios rexistrados en xaneiro dende 2010 a 2017.

MeteoGalicia
Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático
Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.
Xunta de Galicia



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2017 Mes: 1

Provincia Estación	T ^o C				T ^a Máxima °C			T ^a Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días		
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada	
A Coruña																											
A Gándara	7.8	10.56	15.8	6	5.6	0.3	19	106	25.6	30	69	82	93	66	40	113	572	21	113	30	974	16	0				
Aldea Nova	8.4	11.69	17.0	4	6.2	2.9	20	93	18.0	27	58	80	93	64	35	100	510	8	65	26	990	16	0				
Arzúa	5.8	11.63	17.3	4	1.3	-5.3	22	62	10.0	31	31	86	97	62	43	122	609	5	48	18	979	15	14				
*Camarifas	10.5	13.17	17.3	5	7.7	1.4	20	113	27.2	2	63	79	89	65	43	123	634	17	91	26	1022	12	0				
Cariño	10.6	12.93	17.0	30	8.3	3.4	25	46	11.2	27	6	81	93	66	34	96	510	13	77	18	1023	15	0				
Cespón	8.9	14	20.2	5	4.7	-0.9	20	163	51.4	29	129	85	96	61	44	128	620	6	53	30	1018	14	2				
CIS Ferrol	9.1	13.53	18.7	4	6.0	0.0	25	73	18.0	31	38	84	96	62	39	112	568	7	66	26	1019	16	1				
Corrubedo	10.4	13.92	18.5	5	7.5	3.8	19	107	36.4	26	62	77	89	61	44	126	648	10	70	26	1019	13	0				
Coruña-Dique	9.9	13.13	17.1	4	7.0	0.5	20	34	9.4	31	-	78	90	59	-	-	-	16	92	30	1023	14	0				
Coruña-Torre de Hércul	10.4	13.4	16.9	5	7.7	2.3	20	43	11.7	31	-	73	84	58	-	-	-	-	-	-	-	-	-	14	0		
*Costa	8.1	13.07	18.1	5	4.2	-1.3	20	128	27.7	30	-	89	98	69	-	-	-	3	71	1	1002	12	4				
*Coto Muiño	6.7	12.42	18.5	6	2.3	-5.1	21	136	43.8	30	-	89	98	69	-	-	-	3	46	26	-	16	13				
Fontecada	7.0	11.4	18.2	5	3.5	-2.8	22	176	77.4	30	142	84	94	64	40	116	590	10	72	30	979	16	8				
*Guísamo	8.9	12.84	17.9	4	6.0	0.4	20	33	11.1	27	-	74	85	57	-	-	-	3	38	18	1002	11	0				
*Lesende	8.7	13.06	18.3	5	5.3	-0.4	20	135	31.5	30	98	77	87	59	45	130	612	4	50	30	1002	14	1				
Lira	10.1	12.45	16.5	5	8.1	3.7	19	87	18.3	31	40	79	90	63	43	125	608	20	93	26	-	13	0				
Mabegondo	7.6	13.58	19.0	4	3.1	-5.0	20	59	22.4	27	27	87	97	67	42	120	597	5	53	26	1012	13	12				
Malpica	9.5	12.07	16.3	4	7.4	3.8	20	44	11.5	27	1	82	92	67	41	118	585	20	84	18	1003	15	0				
Marco da Curra	5.7	8.67	13.4	4	3.3	-0.6	20	47	7.2	27	9	84	94	69	36	104	551	17	69	30	947	17	3				
Melide	6.1	11.58	16.9	4	2.0	-3.8	20	45	13.7	31	12	83	95	61	45	129	613	6	48	18	967	13	13				
Muralla	6.7	9.08	14.5	6	4.6	-1.4	19	199	60.3	30	173	86	96	71	42	122	561	21	88	30	945	16	3				
*O Val	8.7	13.57	18.6	5	4.9	-1.5	25	53	16.9	27	-	86	97	67	-	-	-	3	43	12	1015	12	4				
Olas	6.8	11.16	16.9	4	3.3	-1.5	21	70	14.5	31	40	85	97	66	37	106	534	10	63	30	-	18	8				
*Ordes	6.2	12.01	16.9	6	1.7	-6.5	20	57	11.9	31	-	86	96	64	-	-	-	3	46	30	990	14	12				
*Paramos	6.8	10.98	16.9	5	3.5	-2.1	20	128	35.2	30	-	91	98	73	-	-	-	8	62	22	980	17	5				
*Pazo de Galegos	7.7	12.81	17.1	6	3.4	-3.2	20	60	20.0	27	28	87	98	67	45	131	625	4	42	2	996	10	11				
Punta Candieira	9.7	11.63	16.1	5	7.9	4.9	20	34	7.4	31	-23	75	89	60	38	102	546	25	112	30	992	14	0				
Punta Langosteira	10.7	13.17	16.2	30	8.3	2.7	20	16	4.4	31	-	--	--	--	42	120	555	18	101	30	1021	10	0				
Río do Sol	6.8	9.79	14.9	5	4.6	-0.5	19	91	19.4	30	59	85	96	70	38	109	539	19	87	30	959	17	3				
*Rus	7.7	13.61	18.6	5	3.2	-4.9	20	57	13.0	27	-	89	99	67	-	-	-	3	50	30	1007	16	13				
Sálvora	11.0	13.39	16.8	5	8.8	4.9	19	72	19.0	27	20	79	90	65	50	145	693	21	80	26	-	14	0				
Santiago-EOAS	7.7	12.14	16.3	5	4.2	-1.5	22	72	16.0	27	37	83	93	63	45	129	633	7	68	30	993	15	8				
Santiago-San Lázaro	7.3	11.74	16.0	5	3.6	-3.2	20	60	15.5	27	-	83	93	64	44	125	618	8	51	18	986	14	-				
Sergude	7.2	12.78	18.1	5	3.1	-2.8	19	64	15.7	27	-	87	98	64	31	89	479	-	-	-	-	14	11				
Serra da Faladoira	6.3	9.06	15.2	9	4.0	-0.2	20	70	11.5	27	40	87	98	72	36	102	546	19	76	30	955	16	1				

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2017 Mes: 1

Provincia Estación	T ^a °C				T ^a Máxima °C			T ^a Mínima °C			Precipitación l/m ²			BHC l/m ²	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión Med. hPa	Nº Días		
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día		Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m ²	Veloc. media	Racha max	Día		Med. hPa	Choiva	Xeada
Lugo																											
A Pontenova	6.7	10.27	15.2	4	3.6	-2.2	20	53	10.8	16	-	83	93	67	32	91	507	-	-	-	-	-	-	-	12	6	
Abradelo	5.2	9.24	15.5	3	2.0	-5.9	19	35	10.7	27	-	75	89	57	42	122	629	-	-	-	-	-	-	-	13	10	
Alto de Cerredo	4.6	7.12	12.6	6	2.4	-3.7	19	40	6.0	29	-	78	89	63	-	-	-	8	52	30	911	-	-	-	13	7	
*Alto do Faro	4.4	7.55	13.3	9	1.5	-4.8	20	52	12.6	31	-	85	96	67	-	-	-	7	49	18	925	-	-	-	16	9	
*Alto do Poio	2.3	4.6	11.2	11	0.1	-7.3	18	38	7.0	29	-	78	89	61	-	-	-	11	61	19	-	-	-	-	14	18	
Ancares	2.8	5.69	12.0	6	0.4	-7.0	19	32	6.2	27	-16	75	88	57	43	123	603	17	83	26	867	-	-	-	12	15	
*Borreiros	7.8	12.9	18.0	29	4.0	-1.2	20	55	11.1	27	29	87	97	63	30	86	442	5	42	30	1016	-	-	-	17	7	
Bóveda	4.6	10.13	16.9	4	0.3	-7.0	19	47	16.8	26	19	86	97	65	38	109	589	4	43	30	972	-	-	-	15	15	
Burela	7.8	10.21	16.3	9	5.8	2.0	20	59	10.4	27	22	84	95	67	34	98	545	16	104	30	-	-	-	15	0		
Campus Lugo	4.7	10.3	16.6	3	0.6	-7.6	20	32	9.6	31	9	90	98	68	30	87	503	3	42	30	976	-	-	-	20	14	
Castro R. de Lea	4.6	9.72	15.2	4	0.8	-6.7	20	20	7.2	31	-	90	97	74	25	73	451	-	-	-	973	-	-	-	14	14	
Conchada	5.1	10.09	15.9	4	1.6	-6.0	19	30	8.6	27	-	82	94	64	47	135	652	-	-	-	-	-	-	-	13	12	
Corno do Boi	5.2	8.55	14.0	4	2.5	-2.8	20	67	14.0	31	39	88	98	72	40	115	558	12	62	30	-	-	-	-	18	6	
Courel	4.8	8.86	13.1	5	1.8	-7.5	19	57	12.1	26	21	74	87	56	41	117	603	7	77	31	932	-	-	-	14	7	
*Fontaneira	4.8	8.07	14.2	6	2.3	-3.8	19	63	8.5	31	29	80	91	66	34	97	570	6	42	30	914	-	-	-	14	9	
Foz	7.9	12.09	17.7	29	4.4	-2.0	20	50	10.4	13	14	82	92	64	36	104	529	10	80	29	1015	-	-	-	12	4	
Fragavella	5.4	9.21	16.9	9	2.0	-3.6	20	67	10.6	13	40	90	98	70	39	110	550	13	98	30	952	-	-	-	14	11	
Guitiriz-Mirador	5.4	8.39	13.3	4	3.1	-1.2	20	37	7.0	31	7	86	96	71	38	109	552	11	62	31	942	-	-	-	17	3	
*Labrada	5.6	8.57	13.9	9	3.1	-1.2	20	98	15.4	31	67	82	94	65	36	102	531	10	-	-	-	-	-	-	15	2	
*Lanzós	4.5	9.94	14.5	5	0.2	-8.0	25	43	8.6	27	-	87	96	68	-	-	-	3	38	18	967	-	-	-	15	15	
*Lourenzá	6.9	12.86	18.5	4	2.6	-4.1	20	53	10.6	16	-	86	97	63	-	-	-	4	56	30	-	-	-	-	10	12	
Marroxo	5.5	9.14	13.9	4	2.3	-4.8	19	34	10.4	31	2	81	93	63	42	122	584	6	50	26	948	-	-	-	12	10	
*Millara	5.5	11.01	15.0	4	2.1	-5.0	20	35	12.1	31	-	90	100	67	-	-	-	3	46	29	-	-	-	-	13	10	
*Morelle	4.1	10.09	16.8	4	-0.7	-9.0	20	21	4.6	27	-1	89	99	69	26	76	496	3	35	17	974	-	-	-	12	15	
O Cebreiro	1.5	5.23	13.3	6	-1.1	-9.3	19	44	15.4	29	11	83	93	67	42	120	581	13	61	10	873	-	-	-	11	19	
O Xipro	5.1	8.88	14.0	3	2.2	-3.3	19	41	7.9	13	3	80	92	62	40	116	596	9	56	26	931	-	-	-	13	11	
*Olveda	5.0	9.82	14.6	8	1.3	-3.8	20	36	14.4	31	-7	90	99	71	37	108	586	--	19	5	-	-	-	-	12	13	
Pedro Murias	8.8	12.84	18.5	29	5.6	-0.4	20	41	6.5	16	4	77	86	63	32	93	470	9	64	29	1018	-	-	-	11	1	
Penedo do Galo	6.6	8.89	14.9	9	4.8	1.1	20	50	10.1	10	-	86	97	69	31	88	477	-	-	-	-	-	-	-	14	0	
Pol	5.5	9.48	14.7	5	2.5	-3.3	20	37	6.2	14	-	83	95	64	41	118	605	-	-	-	946	-	-	-	17	11	
Portomarín	4.5	9.47	15.0	4	0.8	-7.7	20	27	8.2	31	-	92	99	74	14	41	358	-	-	-	971	-	-	-	15	14	
Sambreixo	4.7	9.91	15.2	4	0.7	-7.0	25	25	6.6	27	-	88	97	68	38	109	573	-	-	-	-	-	-	-	15	15	
*San Clodio	4.9	10.74	15.4	4	0.9	-6.6	19	20	4.8	27	-	87	98	64	-	-	-	3	50	2	993	-	-	-	9	15	
*San Fiz	5.6	10.84	14.8	4	2.0	-5.6	19	22	9.8	31	-5	88	98	68	36	103	566	6	44	30	977	-	-	-	8	11	
Ventosa	4.4	8.42	13.3	8	1.2	-6.9	19	40	6.8	31	-2	77	91	60	43	123	622	9	59	26	917	-	-	-	13	11	
*Vilamor	7.0	12.39	17.1	4	2.7	-4.3	20	33	10.4	13	5	82	92	61	31	90	481	3	42	18	-	-	-	-	10	12	
*Xabrega	5.1	10.36	15.4	29	1.8	-6.1	19	38	9.6	31	12	88	95	68	29	83	522	4	59	26	985	-	-	-	11	12	

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2017 Mes: 1

Provincia Estación	T ^o C				T ^a Máxima °C			T ^a Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días			
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada		
Ourense																												
A Mezquita	3.6	8.42	16.2	11	-0.2	-9.7	19	70	31.2	26	29	74	88	54	53	154	716	10	64	20	906	10	16					
*A Portela	4.8	11.69	16.4	4	0.2	-8.4	19	23	11.0	29	-9	82	97	53	44	127	637	3	34	30	-	9	16					
*A Trabe	4.7	8.9	16.1	11	1.0	-6.8	19	31	13.6	26	-4	77	88	61	49	143	680	4	45	20	932	5	12					
Alto do Rodicio	4.3	7.38	12.5	8	1.8	-5.7	19	42	8.3	27	9	82	92	65	45	129	629	14	76	26	909	13	9					
Amiudal	6.0	10.22	14.7	11	2.7	-4.4	19	73	19.1	31	--	80	91	62	46	132	641	7	53	29	958	12	8					
As Petarelas	4.5	11.2	15.4	4	0.1	-8.1	19	27	10.2	29	-	79	95	53	47	136	680	-	-	-	-	7	18					
Baltar	3.5	9.53	14.9	6	-2.1	-12.4	19	37	11.2	26	3	82	97	56	52	150	702	9	60	2	929	10	22					
Cabeza de Manzaneda	0.3	3.04	9.6	11	-2.0	-8.4	18	21	4.5	27	-11	77	89	58	47	137	753	18	79	29	826	10	22					
*Calvos	2.2	8.82	14.7	9	-3.7	-14.4	19	39	10.2	27	11	86	99	62	47	135	674	8	51	30	-	11	22					
Casaio	3.7	6.69	12.8	11	0.8	-6.4	19	8	1.9	28	-	67	83	47	-	-	-	5	77	20	-	8	16					
*Corzos	2.4	7.44	12.9	6	-1.1	-9.4	19	31	12.8	26	-	76	89	56	-	-	-	8	47	2	-	13	17					
Entrimo	5.9	10.97	17.0	6	2.5	-5.4	19	117	30.6	29	-	78	90	60	44	127	635	-	-	-	-	12	9					
*EVEGA Leiro	4.6	12.57	19.5	11	0.0	-8.3	19	73	20.6	31	-	90	97	65	-	-	-	1	26	17	1011	12	18					
Gandarela	5.9	9.81	13.5	11	2.7	-4.1	19	18	7.6	26	-15	82	94	64	46	132	645	6	63	2	950	9	5					
Lardeira	1.3	4.31	11.4	11	-1.2	-8.0	18	8	2.2	28	-33	75	89	55	49	141	683	18	71	29	841	7	19					
*Larouco	5.1	11.09	16.1	4	0.6	-7.6	19	12	5.3	27	-	73	88	51	-	-	-	3	31	31	962	5	16					
Laza	5.0	10.91	16.6	11	0.6	-8.1	19	39	11.8	27	4	81	95	57	48	140	674	5	44	11	-	10	15					
Monte Medo	5.0	10.48	15.6	7	0.6	-7.4	19	33	10.2	27	-	80	95	57	47	137	658	-	-	-	-	12	14					
O Invernadeiro	3.0	8.97	17.7	11	-1.3	-10.6	19	82	22.8	26	43	79	92	57	48	138	754	7	57	11	905	11	20					
Ourense	5.3	11.78	16.8	29	1.2	-6.3	19	37	12.8	31	-	84	95	59	-	-	-	-	-	-	-	10	13					
Ourense-Estacións	6.3	12.68	17.8	5	2.5	-4.6	19	40	13.1	31	14	83	96	58	32	92	513	2	30	2	1009	9	12					
*Pazo de Fontefiz	5.9	10.67	15.1	4	2.0	-4.4	19	27	10.1	31	-2	80	91	61	39	113	560	4	37	3	975	8	14					
*Ponte Boga	5.4	10.57	15.2	4	1.5	-6.9	19	9	3.0	26	-28	73	87	55	42	123	628	4	47	26	968	8	14					
*Prado	5.5	11.32	17.4	17	2.0	-5.5	19	46	21.0	26	-	88	95	67	-	-	-	2	31	2	1009	6	12					
Remuíño	4.5	12.03	19.0	11	0.3	-6.5	19	61	16.2	26	38	90	98	65	30	88	521	2	34	13	-	11	17					
*Riós	4.4	10.24	17.6	11	-0.2	-9.1	19	40	12.5	29	3	80	95	59	54	155	756	3	29	17	-	10	17					
San Xoán de Río	3.5	7.55	13.1	6	0.4	-8.0	19	26	7.1	27	-8	81	94	62	49	142	675	12	58	2	904	12	13					
Serra do Eixe	3.0	6.31	12.0	11	0.0	-7.1	19	34	10.3	28	-11	77	91	57	52	151	714	11	70	26	882	10	15					
Verín-Vilamaior	5.0	11.05	17.6	11	0.7	-6.6	19	38	12.0	27	4	82	95	60	49	141	675	4	44	2	959	11	16					
Verín-Vilela	3.6	11.85	17.5	11	-2.3	-11.1	19	26	8.5	26	-4	85	97	59	46	135	652	4	37	10	-	7	20					
Viana do Bolo	4.0	9.94	15.1	6	-0.7	-10.0	19	20	7.3	27	-13	80	95	54	51	148	659	7	56	2	924	9	18					
*Xares	0.5	3.65	10.6	11	-2.0	-8.6	18	16	3.4	26	-25	75	88	54	52	149	747	19	99	20	826	10	22					
*Xinzo	4.0	11.18	16.5	8	-1.7	-9.9	19	18	5.6	26	-13	86	99	60	48	139	699	5	44	2	-	9	19					
Xurés	4.4	7.91	13.6	9	1.8	-5.7	19	79	20.8	26	35	76	89	59	51	149	725	16	88	2	901	14	11					

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2017 Mes: 1

Provincia Estación	T ^{ao} C			T ^a Máxima °C			T ^a Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC l/m2	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión Med. hPa	Nº Días		
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	Med	Max		Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med.	Choiva		Xeada		
Pontevedra																										
A Granxa	6.1	13.49	18.6	5	1.3	-6.5	19	108	30.8	31	80	89	98	62	41	119	601	2	41	30	1019	12	17			
A Lanzada	9.1	13.71	18.8	5	5.4	0.5	25	74	20.6	27	32	84	95	64	52	149	684	13	70	30	-	13	0			
*Areas	7.8	13.87	19.3	5	3.4	-4.1	20	134	35.2	29	-	85	96	63	-	-	-	1	22	2	-	13	10			
*Areiro	8.9	13.59	19.1	5	5.3	-1.1	19	64	17.6	27	-	81	92	60	-	-	-	3	35	31	1014	11	3			
*As Eiras	8.1	13.38	19.3	11	4.1	-2.6	19	129	30.0	31	96	84	96	62	40	115	602	3	43	30	1017	12	8			
*Barrantes	7.6	13.82	19.2	5	2.8	-2.7	19	76	22.0	27	44	86	97	63	46	132	612	3	45	30	-	12	12			
Caldas de Reis	8.1	12.47	17.5	5	4.7	-1.0	20	95	19.5	29	-	72	89	50	44	126	612	-	-	-	991	13	1			
*Camanzo	6.9	12.6	17.1	6	2.5	-4.3	25	53	14.9	27	20	85	96	64	39	112	578	5	49	30	999	10	12			
Cangas-Porto	10.2	13.62	18.4	5	7.1	1.1	19	71	24.2	31	-	74	87	57	-	-	-	7	58	28	-	12	0			
Castro Vicaludo	8.0	10.81	15.6	6	5.7	-1.3	19	113	32.6	31	68	78	90	64	49	143	668	17	85	30	966	12	2			
Castrove	7.9	11.14	16.1	5	5.6	-1.7	19	149	58.8	29	114	79	91	64	35	102	550	11	78	18	971	15	1			
*Cequeliños	6.7	11.66	18.2	11	3.1	-3.1	19	76	21.0	31	41	84	96	63	45	131	658	9	47	30	-	11	10			
Corón	9.9	13.32	18.0	6	6.6	2.0	22	79	19.4	27	33	78	91	61	51	146	691	12	73	30	1021	11	0			
*Entenza	7.3	13.16	19.0	11	3.0	-4.0	20	93	26.4	31	65	87	98	64	41	118	582	2	42	26	-	13	12			
Fornelos de Montes	7.1	9.96	16.6	6	4.6	-1.8	19	183	41.2	29	139	74	87	58	46	133	603	17	76	30	940	13	2			
Illas Cíes	11.1	13.93	18.9	5	8.7	3.6	19	58	15.8	31	10	81	92	66	53	152	730	11	66	29	-	14	0			
*Louredo	7.1	10.65	14.7	17	4.0	-2.5	19	93	27.0	31	-	88	96	74	-	-	-	3	34	18	994	12	5			
Lourizán	8.6	14.46	19.1	5	4.6	-1.9	19	73	18.6	27	40	86	97	64	43	125	655	3	46	31	1017	12	4			
*Meder	7.8	13.38	18.9	11	3.4	-3.1	25	84	25.0	27	-	77	89	56	-	-	-	3	40	18	1005	11	11			
Monte Aloia	7.3	11.08	15.4	11	4.3	-3.0	19	142	32.2	29	108	83	94	68	39	113	612	7	55	30	966	12	2			
Mouriscade	4.9	11.53	17.8	8	-0.2	-8.8	19	48	11.2	31	16	86	94	71	46	133	647	6	50	2	964	11	17			
O Viso	8.4	13.96	20.5	5	4.6	-3.9	19	101	25.4	31	60	78	91	58	48	137	637	8	58	2	991	12	1			
Ons	10.0	12.84	17.4	5	7.5	1.8	19	69	18.4	27	20	81	92	65	53	154	744	18	80	30	1009	14	0			
*Pé Redondo	9.4	13.86	19.0	5	6.1	0.5	19	94	22.6	29	62	82	94	64	44	128	571	2	51	31	-	11	0			
Pereira	5.7	9.48	16.5	6	2.7	-3.4	19	118	24.8	31	-	82	94	67	47	135	644	-	-	-	939	15	5			
*Ponte Caldelas	7.6	12	17.2	5	3.8	-1.0	25	123	33.3	31	82	75	88	57	48	139	627	5	45	2	980	11	7			
Pontevedra-Campolongo	8.7	15.93	23.4	5	3.9	-2.7	19	86	22.1	27	-	79	93	53	-	-	-	1	31	2	-	12	7			
Queimadelos	8.0	10.84	15.3	11	5.4	-0.9	19	127	33.4	31	106	78	90	65	13	38	349	2	35	17	979	11	1			
Rebordelo	6.2	12.42	19.3	6	0.7	-7.1	19	104	23.6	31	-	83	97	56	48	137	646	-	-	-	980	11	16			
Sanxenxo	10.0	14.4	19.5	5	6.6	-0.6	19	64	18.2	29	25	76	89	57	51	148	659	4	49	30	1019	12	1			
Serra do Faro	4.4	7.25	13.3	8	2.1	-4.9	19	80	23.0	31	42	79	89	62	43	123	568	21	74	2	907	14	6			
*Simes	9.0	14.36	19.8	5	4.6	-2.6	19	67	24.6	29	31	81	94	61	49	141	665	2	34	26	-	12	5			
*Soutomaior	8.4	13.4	18.6	5	5.2	-1.7	19	101	30.9	27	-	74	84	55	-	-	-	2	29	30	1003	11	1			
*Torrequeintás	8.7	14.3	19.5	5	4.5	-0.8	19	82	23.8	27	42	76	87	54	49	142	653	4	56	31	1015	12	4			
*Tremoedo	9.0	13.75	18.6	5	5.1	-0.1	25	86	28.0	27	-	76	87	56	-	-	-	4	46	18	1015	10	1			
Vigo	9.8	14.54	19.8	5	6.3	0.6	19	73	24.8	31	-	75	89	55	-	-	-	-	-	-	-	13	0			
Vigo-Campus	8.5	11.08	16.7	6	6.4	-1.1	19	111	25.4	27	64	72	86	57	52	150	711	10	81	31	968	14	1			
Xesteiras	6.3	8.74	15.1	8	4.2	-2.1	19	158	50.5	29	-	80	92	66	-	-	-	28	106	30	-	17	2			

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.

| | | | | | | | | |

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.